

Modificacións substanciais Grado en IA

24/02/2026

As propostas de modificacións substanciais, céntranse especialmente en:

- Adaptación da memoria ao RD 822/2021: definición dos novos Resultados de Formación e Aprendizaxe (RFA) e asignación ás materias do Grao
- Proposta de mencións sobre a base dos actuais itinerarios recollidos na memoria. O estudantado deberá cursar obrigatoriamente a mención que se oferte na súa universidade e superar as materias indicadas como “**obrigatorias de mención,**” denominación que quere enfatizar a obrigatoriedade de ser cursadas, non sendo posible titularse sen mención.

No relativo ás **materias obrigatorias (1º e 2º)** elaborouse unha proposta conxunta polas coordinacións do grao nas tres universidades, validada polas coordinacións de todas as materias implicadas, que consiste en:

- Darlle o visto e prace á relación de **18 RFA** e a súa asignación ás materias, xa revisada polos docentes coordinadores das materias nas tres universidades
- Intercambiar o cuadrimestre de impartición das materias de **1º curso Lóxica**, que pasa a impartirse no 1ºC e **Cálculo e Análise Matemática**, que pasa a impartirse no 2ºC. Esta cuestión conta co acordo de todos os docentes coordinadores de todas as materias de 1º curso nas tres universidades.
- Renomear a materia “Xestión de Organizacións” como “**Xestión de Organizacións e Emprendemento**”

Nalgúns casos se actualizaron minimamente os contidos das materias, para eliminar redundancias detectadas durante a implantación do título, mellorar a transición entre materias, ou facelos máis xenéricos e adaptables no futuro.

Reorganizáronse os módulos, como agrupacións de materias, para incluír neles todas as materias do título que teñan contidos relacionados, independentemente do seu carácter (obrigatorias, obrigatorias de mención ou optativas de mención), xa que na versión anterior da memoria os módulos ou ben incluían só materias obrigatorias ou ben materias optativas. Deste xeito favorécese unha mellor coordinación.

No caso da **mención USC “Tecnoloxías Intelixentes”** acordouse introducir as modificacións que se indican de seguido:

- Definir **12 RFA** específicos da mención e a súa asignación ás materias “obrigatorias de mención” de 3º e 4º cursos.
- Consistente co anterior, incluír na **mención como materias obrigatorias de mención (OBM)** as materias nucleares, esencialmente as referidas a

paradigmas de IA, o ciclo completo dos modelos IA, unha introdución ás bases da intelixencia natural e os aspectos TELSEC (tecnolóxicos, éticos, legais, socio-económicos e culturais).

- Reforzar a formación no ciclo completo dos modelos de IA:
 - modificar os contidos e título da actual materia “**Plataformas de IoT**” (4,5 ECTS) para que pase a abordar aspectos de acondicionamento e preprocesamento de datos, denominándose “**Minería de Datos**” (6 ECTS, 3º curso 1ºC).
 - modificar os contidos e título da actual materia “**Técnicas de procesamiento masivo de datos**” (4,5 ECTS) para que pase a abordar servizos de IA na nube, denominándose “**Infraestruturas para Intelixencia Artificial e Big Data**” (6 ECTS, 3º curso 1ºC)
 - definir unha nova materia “**Operacionalización de modelos de IA**” (6ECTS, 4º curso 1ºC) que abordará temas de despregue, operativización e mantemento dos modelos de IA (ModelOps, DevOps e MLOps).
 - modificar os contidos e título da actual materia “**Neurofisioloxía**” (3 ECTS) para que pase a incluír modelos artificiais de redes neuronais (paradigma conexionista) os procesos e mecanismos para realizar computación con neuronas naturais, profundando nas bases biofísicas e bioquímicas da actividade do sistema nervioso, denominándose “**Computación neuronal**” (6 ECTS, 3º curso 1ºC).
 - Confirmar a modificación dos cuatrimestres de impartición das materias de 3º “**Metaheurísticas**” (que pasa a impartirse no 1º cuatrimestre) e “**Proxecto Integrador de IA 1**” (que pasa a impartirse no 2º cuatrimestre).
 - Integrar as actuais materias “**Aspectos tecnocientíficos da IA**” (3 ECTS) e “**Dimensión xurídica da IA**” (3 ECTS) que incorpore tamén o resto de perspectivas ELSEC, e singularmente a perspectiva tecnolóxica (IA explicable), denominándose “**IA responsable**” (6ECTS) e pasándose a impartir no 3º curso, 2º cuatrimestre.
 - Estender o módulo “**optatividade aberta**” de 6ECTS a 12ECTS para permitir unha maior posibilidade de elección na formación do estudantado.
 - As actuais materias optativas vinculadas “**Avaliación de proxectos empresariais**”, “**Enxeñaría de datos a gran escala**”, “**Psicoloxía cognitiva**” e “**Neurociencia cognitiva e afectiva**” continúan ofertándose como **materias optativas de mención de 3ECTS**, igual que o resto de materias optativas que se ofertan actualmente no módulo “optatividade aberta”.
 - Non ofertar a materia “**Prácticas externas II**” por considerar que o estudantado xa ten unha exposición moi intensa ao ambiente empresarial coas prácticas externas (obrigatorias, 6ECTS), os dous Proxectos Integradores de IA (12 ECTS) e a posibilidade de cursar prácticas extracurriculares que ten sempre todo o estudantado que queira optar por unha maior intensificación profesional. Ábrese así tamén a posibilidade de intensificar a formación noutros modelos e

tecnoloxías que non forman parte da mención e perfilar o currículo con mais diversidade formativa.

No caso da **mención UDC “Sociedad y empresa inteligentes”** acordouse introducir as modificacións que se indican de seguido:

- Definir 21 RFA específicos da mención e a súa asignación ás materias “obrigatorias de mención” de 3º e 4º cursos.
- En liña co anterior, incluír na mención como materias obrigatorias de mención (OBM) as seguintes materias: todas as de 3º curso e as seguintes de 4º curso: “Técnicas Avanzadas de Procesamento da Linguaxe Natural”, “Robótica Intelixente Aplicada”, “Almacenamento, Preprocesado e Análise Avanzada de Datos (formación académica)”, “Almacenamento, Preprocesado e Análise Avanzada de Datos (formación en empresa)”, “Ferramentas de Desenvolvemento e Despregadura (formación académica)”, “Ferramentas de Desenvolvemento e Despregadura (formación en empresa)”, “Seguridade, Lexislación e Ética de Sistemas Intelixentes (formación académica)”, “Seguridade, Lexislación e Ética de Sistemas Intelixentes (formación en empresa)”
- Renomear a materia “Modelado baseado en Axentes” como “Sistemas Multiaxente II” e ampliar os seus contidos para poder dar continuación a algúns dos tratados na materia "Sistemas Multiagentes", obrigatoria de mención de 3er curso
- Renomear a materia “Prácticas externas II” como “Prácticas externas II (formación en empresa)” para deixar máis clara a súa vinculación coa modalidade de formación en empresa de 4º curso

No caso da **mención UVIGO “Sistemas de Información Intelixentes”** acordouse introducir as modificacións que se indican de seguido:

- Definir 10 RFA específicos da mención e a súa asignación ás materias “obrigatorias de mención” de 3º e 4º cursos.
- En liña co anterior, incluír na mención como materias obrigatorias de mención (OBM) as seguintes materias: todas as de 3º curso e as seguintes de 4º curso: “Procesamento da Linguaxe Natural”, “Recuperación da Información”, “Sistemas baseados en Axentes”, “Web Semántica” e “Minería de Textos”